



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/ 96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

ACTA Nº 5/2011

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

### ACTA DA SESIÓN PÚBLICA CONSTITUTIVA DO PLENO DO CONCELLO DE PARADELA. PERIODO 2015-2019

En Paradelas sendo as doce horas e cinco minutos do trece de xuño de 2015, reúnen-se no Salón de Sesións deste Concello, a totalidade dos concelleiros/as electos/as desta Corporación, que presentaron a credencial de Concelleiro/a ante a Secretaría Municipal, coa finalidade de realizar a sesión pública de constitución do Concello, asistidos por min, o Secretario-Interventor da Corporación, D. José López González, que dou fe do acto.

En cumprimento do disposto nos artigos 195.2 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral e 37.2 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Secretario solicita ao concelleiro electo de maior idade, D. Guillermo Castro González, que pase a presidir a Mesa de Idade acompañado coma vogal, do concelleiro electo de menor idade, D. Martín López López, ao fin de iniciar a constitución da corporación municipal do Concello de Paradelas.

Constituída a Mesa de Idade, polos concelleiros electos de maior e menor idade indicados, xunto co Secretario-Interventor, o Sr. Presidente declara aberta a sesión.

O Secretario da corporación manifesta que a Xunta Electoral de Zona de Lugo, en cumprimento do que dispón o artigo 108.5 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral en data 29 de maio de 2015, con entrada no Rexistro do Concello en data 3 de xuño, estendeu a acta de proclamación do resultado das eleccións municipais celebradas o pasado 24 de maio de 2015 na circunscrición electoral de Paradelas certificando o número de electores, de votantes, de votos ás candidaturas, de votos en branco, de votos nulos, e o número de votos e concelleiros obtidos por cada candidatura, como tamén a relación nominal de concelleiros electos para o Concello de Paradelas, segundo o seguinte resumo.

Número de electores censados: 1.793

Número de votantes: 1.422

Número de votos a candidaturas: 1383

- Partido Popular: 995

- Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE: 320

- Bloque Nacionalista Galego: 68

Votos en branco: 22

Votos nulos: 17

Candidaturas	Votos obtidos	Nº de Concelleiros
Partido Popular	995	7
Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE	320	2
Bloque Nacionalista Galego	68	0

De acordo co resultado reflectido na Xunta Electoral proclamou Concelleiros aos candidatos coa seguinte relación nominal.

D. José Manuel Mato Díaz  
D<sup>a</sup>. Montserrat Mulet Sar  
D. Martín López López  
D<sup>a</sup>. Ana Belén López Álvarez  
D. Benjamín López Mato  
D. Manuel Regueiro López  
D. Jesús Pablo López González  
D<sup>a</sup> Sonsoles López Izquierdo:  
D. Guillermo Castro González

O Secretario-Interventor informa que todos os concelleiros/as electos/as, presentaron a credencial expedida pola Xunta Electoral de Zonas, e que formularon as declaración de bens e actividades a que fai referencia o artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O Sr. Presidente anuncia que, acto seguido, os Concelleiros electos han de prestar o seu xuramento ou promesa de conformidade co artigo 108 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Local; polo que o Secretario-Interventor procede por orde alfabética, dá lectura do nome e apelidos de cada un dos concelleiros electos que asisten á sesión que, dun en un, se dirixen á Presidencia, comprobándose por parte dos membros da Mesa de Idade a credencial presentada e a identidade de cada concelleiro/a electo/a; realizándolles o Presidente da Mesa de Idade a seguinte pregunta.

*“¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro de Paradela, acatando á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas leis e regulamentos específicos?.*

A fórmula empregada por cada un dos concelleiros/as é a seguinte:

D<sup>a</sup>. Ana Belén López Álvarez: “*si xuro*”  
D. Jesús Pablo López González: “*si prometo*”  
D<sup>a</sup> Sonsoles López Izquierdo: “*si prometo*”  
D. Benjamín López Mato: “*si xuro*”  
D. José Manuel Mato Díaz: “*si xuro*”  
D<sup>a</sup>. Montserrat Mulet Sar: “*si xuro*”  
D. Manuel Regueiro López: “*si xuro*”

En derradeiro lugar prestan xuramento ou promesa os concelleiros integrantes da Mesa de Idade:

D. Martín López López: “*si xuro*”  
D. Guillermo Castro González: “*si prometo*”

Seguidamente o Presidente da Mesa de Idade declara constituída a Corporación e suliña que a continuación procederase á elección do Alcalde do Concello entre os membros da corporación que encabecen as listas con representación, e con tal finalidade dá a palabra ao Secretario-Interventor que explica que se realizará mediante o procedemento ordinario a man alzada, sendo elixido alcalde, de conformidade co disposto no artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, o candidato que obteña maioría absoluta de votos e, no seu defecto, o candidato da lista que obtivera máis votos nas eleccións.



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradela  
Tfno: 982 54 11 01/ 96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

A continuación procésese a realizar a votación efectuando a pregunta de votos a favor do Concelleiro do Partido Popular D. José Manuel Mato Díaz, votos a favor da candidata do Partido Socialista D<sup>a</sup>. Sonsoles López Izquierdo

O resultado foi o seguinte

Candidatos	Votos obtidos
D. José Manuel Mato Díaz	7
D <sup>a</sup> . Sonsoles López Izquierdo	2

Á vista do anterior, D José Manuel Mato Díaz, é proclamado Alcalde pola Mesa de Idade, dándolle o Presidente da Mesa de Idade, posesión no seu cargo ao Alcalde, sendo preguntado polo Presidente da Mesa de Idade: “¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde de Paradela, acatando á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas leis e regulamentos específicos?”

O Sr. Alcalde xura o seu cargo.

Unha vez o Alcalde toma posesión do seu cargo, o Presidente da Mesa de Idade, invita ao Presidente a ocupar o sillón presidencial e, en consecuencia, queda disolta a Mesa de Idade.

Por parte do Secretario-Interventor, a continuación prodeuse á lectura da acta de arqueo extraordinaria da situación de existencias, por un importe total de 286.008,17 euros.

- Caixa da Corporación, saldo 231,40 euros.
- Abanca, conta nº 2080 0171 60 3110000101, saldo 33.519,09 euros.
- BBVA, S.A., conta nº 0182 6219 55 0201500154, saldo 1.700,82 euros.
- BBVA INSTITUCIONES, S.A., conta nº 0182 6219 51 02002705012, saldo 250.070,97 euros.
- BBVA, conta nº 0182 0627 75 0010550008, saldo 485,89 euros.

Toma a palabra o Alcalde, que en primeiro lugar felicita a toda á Corporación, en especial, aos dous novos Concelleiros do Partido Popular, saudando e agradecendo á presenza de veciños, amigos e familiares.

A continuación, sinala o carácter emotivo e entrañable deste acto, que reflicte o pronunciamento que o pasado día 24 de maio fixeron os cidadáns, cunha alta participación de preto do 80% das persoas chamadas a votar, respecto da institución onde os cidadáns se sinten máis representados, e nas que o Partido Popular de Paradela acadou o terceiro mellor resultado da Provincia.

Destaca que a campaña electoral foi exemplar, e o propio día das eleccións, discorreu sen problemas e incidencias, onde os cidadáns optaron masivamente.

Dende o Grupo Popular, o seu Alcalde, promete o seu compromiso nun momento en que ser Concelleiro nesta época de inestabilidade nas institucións é todo un reto, onde coma sempre intetarán levar o barco a bo porto, barco que representa a todos os cidadáns de Paradela, onde se seguirá a traballar coas persoas maiores en dificultades, dende os servizos sociais e dende o Concello dando permanente axuda a este colectivo onde moitas veces son maiores os problemas de mentalidade que de


medios, sinalando que o Concello é a casa de todos e van a ter toda a atención que precisen.

Suliña a continuación, que a labor non vai parar, no seu contacto coas outras administracións, para que a cidadanía dispoña da estabilidade e atención que precisen, na prestación dos servizos na medida que corresponda. Destaca asemade, a política innovadora, de novas tecnoloxías, de achegamento aos cidadáns así como seguir loitando polas necesidades e infraestructuras para a infancia.

Finalmente, sinala que as portas do Concello non teñen chaves, que están abertas a todos os cidadáns, dicindo por último que se sente moi honrado e non menos preocupado pola responsabilidade que conleva o posto nestes intres, coa situación socio-económica actual.

**O Alcalde levanta a sesión sendo as doce horas e trinta minutos do día trece de xuño de dous mil quince, estendéndose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

**O Alcalde-Presidente**



Concello de Lugo  
Aitalbía

**O Secretario-Interventor**



Concello de Lugo  
Secretaría